

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 22

OUTONO

2006



A REPRESIÓN FRANQUISTA EN BETANZOS
DEBUXO DE MANUEL CRESTAR. MADRID, 1938.

COLABORACIÓNS

Gabriela Rodríguez, Paulo Martínez Lema, Yolanda López, Lois Diéguez, Suso Torres, Alfredo Erias, Fernando Díaz-Castroverde, João de Castro Nunes, Fernando Botto Semedo, António dos Santos Silva, Víctor Tizón, Antón Fafián Porto, Manuel Dans, Xosé M^a Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Xosé Luis Sobrino e Baraxeiro.

TEXTOS

Hugo Rocha e Ricardo Pérez Medín

DESEÑOS

Víctor Tizón, Luis Otero, A. Erias, Olaia Torres
e M. Cretar

COORDENA

Suso Torres

IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

FOTOGRAFÍAS

Veiga Roel, Veiga e Arquivo Eira Vella

MAQUETA

Equipo Xerri

D.L.

C - 1696 /96

Permítese e agradécese a reprodución, citando a procedencia.
O noso E-mail: eiravellabetanzos@yahoo.com

A.C. EIRA VELLA. Edificio das Antigas Escolas do Asilo, baixo.
Praza do Mestre José Dapena. BETANZOS 15300. GALICIA.

Agradecementos:

A todos os **anunciantes** (loais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de A Xanela, pola súa fidelidade e colaboración.

A todas as persoas que teñen colaborado e participado nos últimos meses nas actividades da nosa asociación cultural e moi especialmente a: Tino Baz, Alfredo Erias, Eliseo Fernández, Beatriz Amigo, Bernardo Maiz, Tomás López Loureda, Andrés Beade, Juan Fuentes, Eva Otero e Xosé Taboada.

Parabéns:

Ao noso coordinador Suso Torres pola distinción que lle outorgou o Concello de Betanzos como "Garelo da Cultura" 2006 e entregada o día do comezo das festas patronais no pasado agosto.

Ao noso colaborador Alfredo Erias que ven de expoñer en Bruxelas a súa obra pictórica Xente no Camiño.

Correccións ao número anterior:

No pasado número deslizouse un erro (alomenos) no pé de foto da páxina 21: Dise que a homenaxe en Sada a Lugo foi o día 13 de xuño de 1930, cando debería dicir o 13 de xullo de 1930.

Intercambios:

A Xanela intercámbiase co outras publicacións culturais de calquer ámbito. Para solicitar intercambio, dirixirse ao noso enderezo:

A.C. Eira Vella
Praza do Mestre José Dapena
Antigas Escolas do Asilo, Baixo
15300. Betanzos

Ou ao noso correo electrónico:


eiravellabetanzos@yahoo.com

A represión franquista en Betanzos

Baixo o lema "Sombras na Memoria" a A.C. Eira Vella levou a cabo nos meses de setembro e outubro unha xornada dedicada a lembrar a memoria das vítimas da represión franquista en Betanzos no período 1936-1939. Proxeccións de películas e documentais, charlas e conferencias de historiadores e familiares das vítimas e un "Percorrido polos lugares da memoria" conformaron un programa de actos que contou coa colaboración da Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística do Concello de Betanzos e coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.



JUAN FUENTES, ANDRÉS BEADE E TOMÁS LÓPEZ, FAMILIARES DE VÍCTIMAS DA REPRESIÓN, XUNTO CO COORDENADOR DA XANELA QUE MODEROU O ACTO DO DÍA 11 DE OUTUBRO.



Sombras na memoria

Veño dende o futuro,
 dende as sombras da memoria escuras e baleiras,
 dende a moratoria do Xuízo Final,
 e quero camiñar polas cunetas, polas pontes, entre os lodos,
 onde os enterraches a todos, onde os fuches a enterrar.

Hoxe percorrерemos os cemiterios entre cadaleitos que nunca existiron
 e historias que se afundiron no oco negro da memoria
 E pronunciarei en voz alta todos os nomes
 e erguerei lápidas honrosas nas que plantar as rosas
 que se perderon no camiño, que non se puideron plantar.

Contra o medo,
 contra o esquecemento,
 é o momento de disipar as sombras
 abrirlles a porta da Historia
 e deixalas descansar.

Gabriela Rodríguez




Ilustración: OLAIA

Poema-ourizo nº I

seguín entón extasiado a xeografía das túas cicatrices
pois nelas adquirirían sentido o labio e a súplica

creo lembrar que me perseguía un rei vello de dedos descarnados
e na fuxida esquecín, fermosa, os graves cantís de ortegal

choias electrizadas con plumas irtas coma navallas berraban desde as pedras:
de alén, de alén mar virá quen case comigo, de alén mar!

mais ti, Ollos de Turba,
asentada enraizada até a dor no latexo da vida
centro
mantíñaste lonxe e intocábel coma os segredos que o teixo endexamais desvela

árbore de granito, bruaban as choias
e montaña azul contra a que morren todos e cada un dos meus alaridos

na batalla que es ti arxila círculo último do petroglifo
alleo a min alleo á sublevación íntima dos meus membros
cando o meu amor se deforma e é todo músculo agonía boca sorprendida no inicio do
xemido]

porque ao final como decote venceume van morrison con tristísimas cadencias
e os trescentos corvos do rei vello expulsáronme ao toxo e á invernía

sabes, Ollos de Turba?

o lugar en que conclúe e se esquece o teu leito sen límites

Paulo Martínez Lema




Ilustración: OLAIA

O naufraxio da melodía

E bailo no teclado negro,
onde a sinfonía desprende
o piano de lembranzas afastadas
que alumean a miña vértebra, quebradiza, pétrea.
Absurdo movemento que me leva
á ensoñación de triunfos inexistentes,
baldeiros infortunios
que oprimen as miñas mans
desgarrando a vosa suxa conciencia.
Estrepitoso ruído asulagándome por dentro
coma no naufraxio da miña tinta e sombría voz.

De velenos e ambrosías impregno o violonchelo da vida,
e afinó a corda da miña gorxa
para emitir o concerto da dor
vociferando solpores tremebundos.
Adormecida na estrela que me sacia,
no bandullo perfumado de soños agochados
que me levan ao infinito.
Atrapo as raiolas do meu peito escintilante
desprendendo a batuta incandescente
do meu teimudo canto.
Xa albisco a chegada do laúd
e os seus cabelos enmarañados
na harpa de belezas noitarengas,
no vals das flores abrollando melodías.
Ascende á ominosa lúa Liszt
porque alí non hai cárcere
para o triste soño dun amor idolatrado,
e abre as contras do lume
emanando bágoas acurraladas
polo mísero pensamento de noites
que me impulsan a contemplar músicas lonxanas
na cercanía dunha variopinta orquestra.
Sonata, allegro, adagio sostenuto elevándome
cara paraxes que a memoria recrea
ensanguentada por notas,
por delirios magoentos,
coma idilios que imperan no silencio melómano
da vosa paradisíaca presenza.

E así tinxides os meus días con fervenzas
que desprenden lume
no pentagrama do meu acuoso corazón.

Yolanda López

A campaneira (I)

Lois Diéguez

— Que paren as campás que xa rebentan! Saíde vós daí, corpos santos afogados do río. Ha vir outra vez o dilúvio universal para afogar os vivos. Os vivos, eses!

A Campaneira ia cada día, ás sete da mañá, á Ponte Nova e así berraba. Debruzaba-se na varanda e acenaba cara ás augas escuras do Miño, aló abaixo, fondo. O cuadro, aínda coa choiva e co frío, animaba-se coa xente que ia ao Segade a facer deporte, e a ve-la, para se adivertir.

A Campaneira, despois, daba a súa volta por Lugo. Xa non levaba a expresión fosca, nen choraba. E en cada obra onde via os traballadores empoleirados nos andaimes para poñer ladrillo, paraba, levantaba a saia e mostrando as bragas, desafiaba-os:

— A ver, bonitos, que aquí hai moita carne sen afogar, tocade, tocade! E vide axiña, que non vou parar aquí toda a mañá...

E despois sacaba as tetas e ría para eles con mirada de Matahari.

— Unha mamadiña que vos deixo, veña!

Os obreiros rían, chamaban-lle porca e botaban-lle auga coas mangueras, e a Campaneira, a fuxir, aínda se burlaba levantando a saia e mostrando-lles o cu:

— A lamber nel que ten moito zume.

E ás sete da mañá, xusto cando o reloxo do concello daba conta desas horas, outra vez a Campaneira, debruzada na varanda da Ponte Nova, berraría:

— Non as oídes, non vedes como sai a espadana das augas do Miño?, tam tam, tam tam...

* * *

Perto de Lugo hai unha vila branca subida no monte. Nos días claros reflecten-se as casas novas nas augas do encoro. Cando vén a seca o nivel das augas baixa e aparecen os vellos muros deslousados, árbores negras como fantasmas e a torre solitaria dunha igrexa. A Campaneira, cando acontece, alí vai, sempre, e mete-se na lama até que a auga lle chega aos xellos. Olla en fite para a espadana e algo pasa polo seu maxin, unha película volve, clara e íntima na súbita lucidez dun intre

...comezaron a subir as augas ás sete da mañá e fomos vendo todos como ían anegando as casas. Eu axudaba-lle ao campaneiro a repinicar as campás polas festas da patroa. Era tan guapo! Alí, no campanário, cando ninguén nos vía... As augas medraban, medraban, e daquela, todos a chorar, vimo-lo a el subido na cruz da espadana; decíanos adeus coa man, e os obreiros corrían para alí, para alí, tan lonxe...

* * *

Hai días que a Campaneira non vai pola Ponte nen dá a súa volta por Lugo. A xente di que a levaron para o manicomio. Eu non sei, pero vou todos os días ás sete da mañá para a Ponte Nova e vexo-a... e oio a campá, tam tam, tam tam... a campá, tam tam, tam tam... na espadana...

Lugo, 11 de novembro de 1999

DIA DOS TOLOS




Ilustración: LUIS OTERO

O barril do sulfato

Suso Torres

Estaba decidido. Á mañanciña presentariase no cuartel. Déranlle garantías. El non cometera delitos de sangue. Boh! Nin de sangue nin de ningún tipo. Mañá era o día. Outros xa se presentaran e non os molestaran demasiado. Case doce anos de fuxido eran dabondo. Doce anos sen durmir coa compañeira, apenas algún encontro esporádico. Doce anos sen ver a filliña que deixara recén nada. Doce anos sen desfrutar de tantas cousas sinxelas. Calquera podíaas ter e a el estábanlle vedadas. Ademais, o corpo xa empezaba a amolecer. Non pasan doce anos en balde. E menos dese xeito, levando unha vida case animal, tan arrastrada.

As cavilacións case non o deixaron durmir. As primeiras raiolas do abrente daban no espello. O Pepe pasou a navalla polo rostro enxaboado. Acicalábase con esmero, demorándose. Saboreaba por adiantado como lle ía cambiar a vida. A el e aos seus.



* * *

Viuse reflectido noutro espello, doce anos antes. Afeitábase na casa de mañanciña. Por rutina, por costume. Non íría a ningures. Ninguén o vería fóra dos da casa. Voltara con todo sixilo. Vida de clausura total. Ninguén o supuña alí. Nun tobo na propia casa. Pararan os tiros nas cunetas escuras. E os fusilamentos. O odio criminal xa se bañara en sangue abondo. Pensou que podía agocharse na casa. Deixar de ser un fuxido. Aínda que fose un desaparecido. Un toupo agochado durante o día. Enterrado en vida. Pesada carga para a familia. ¿Quén ía mirar pola vida? Sería por pouco tempo. A cousa non podía durar. Mais os meses corrían. Aínda que os días fosen eternos para el.

O espello reflectiu un bulto detrás da pequena xanela. Un descoido imperdoable. Aquela xanela aberta para airear o aseo. Soubo que aquel veciño íría dar parte de contado. O moi cabrón. Compría fuxir. Unha vez máis. Deixar o fogar canto antes. Axiña se personarían alí para levalo. Non podía fuxir así, á luz do día. Comprometería á familia. A compañeira e el discutiron nervosamente.

¿Qué facer? ¿Onde ir? O que fora tiña que ser axiña. En nada estarían alí rodeando a casa. Os gardas e os da camisa azul. Quizá o cuñado podería agochalo na horta que levaba en arrendo cara a Acea. Era murada, a salvo de olladas indiscretas. E tiña un caseto curioso. Mais compría chegar ata alí. Abandonar a casa e deixar a rúa da Cañota polo discreto calexón. Subir os recovecos de Xudeos. Cruzar a estrada de Castela. Pasar á beira do cuartel. Logo subir a rúa do Rollo arriba. Un longo percorrido aínda que non fosen rúas moi céntricas. De día habíao ver moita

xente. Amigos e enemigos. Parentes dos matados e dos matadores. Ou algún dos matadores mesmo. Polo amparo da noite non se podía agardar.

* * *

O cuñado Ramón era home forte e rexo. Non tiña tantas luces como el. Mais non lle faltaba disposición e enxeño. Corazón sobráballe. Matinou axiña. O Pepe non era de moitas carnes nin moi grande. O esforzado Ramón estaba afeito a cargar e carrexar pesos. Polo seu lombo pasaran moitos goxos de deus. E sacas de millo e patacas. E mesmo toradas na fábrica de madeira. Na casa había un pequeno barril sen tapa. Usábano para facer o sulfato no tempo. O Pepe ben se metería alí.

El levaríao de pé, ao lombo, apoiado no mulido. Carrexaríao con alegría. Sen amosar moito esforzo. Como se fose baleiro. Un saco por riba taparíao de olladas indiscretas dende algunha xanela ou balcón. Cruzouse con coñecidos e intercambiou saúdos rápidos. Aínda aturou a brincadeira. ¿E logo xa vas empezar a sulfatar tan cedo?

Nos recovecos estreitos de Xudeos aproveitou para facer unha paradiña. El e o cuñado déronse azos mutuamente. Cargou de novo o barril e botou pé para cruzar a estrada. Unha camioneta con gardas e falanxistas armados pasou naquel intre. Ramón sentíu un arreguizo pola espiña. Ian para arriba, cara a Costa do Sal ou Guitiriz. A facer das súas, quizais. Algúns ollaron cara el e coñecérono. Ian eufóricos e botaron vivas. A Ramón semelláronlle berros anunciadores de morte. O fuxido sobresaltouse no barril. Ramón tranquilizouno. A camioneta perdíase tras unha nube de fume.

O peor aínda estaba por vir. Compría pasar a rentes do cuartel, nada menos. O garda que estaba na porta non o coñecía. Sería dos que viñeran había pouco. Con todo, a Ramón veuselle á cabeza o que pasaría se descubrían o petate. Viase na cadea. Iso se non pagaba coa vida. Os dous mortos. Si, encobridor e fuxido. Pepe, a fin de contas, pagaba polas súas ideas. Era bo home, si. Pero tomara moi a peito o do sindicalismo. Rematou de secretario de Oficios Varios. E pintaba máis ca o presidente. Que si, era destemido e berraba moito. Pero a pluma collíaa o cuñado Pepe. E así estaba moi marcado polas loitas cos patronos das obras. Eles coñecían ben a letra clara e ordeada na que redactaba as notas do sindicato. Os señoritos tamén o lembraban repartindo entre as familias necesitadas o trigo. Fora cando lles requisaran as graneiras. E esa xente non esquece. Nin perdoa. Pero el, ¿quén lle mandaría meterse...? É certo que estaba afiliado. O cuñado explicara un día que a organización era moi importante. Que os pobres e os obreiros tiñan que ser unidos. E el tamén era xornaleiro, peón ou o que cadrara, cando non traballaba a horta arrendada. E afiliouse. E participou en reunións e asembleas. Ser do sindicato sempre axudaba para atopar un choio. Polo menos, iso decían. Pero el ía ao del. Simpatizaba co idealismo do cuñado e

daqueles compañeiros. E, por outra banda, pensaba que sempre houbera ricos e pobres. E habíaos de seguir habendo. E el nacera pobre e tiña que traballar duro para sacar adiante á familia.

Pasado o cuartel, Ramón arrepeníuse axiña daquela momentánea debilidade. Respirou fondo, decidido a rematar o choio empezado. O seu cuñado merecía ser salvado. Tiña que vivir para aquela muller e filliña que o agardarían. Os homes coma el eran unha esperanza que non se podía deixar matar.

Encarando a costia do Rollo a Ramón chegáballe o peso. Comezou a suar e acorar. Pensaba facer outra paradiña cando deixaran atrás as últimas casas. Mais tivo que facela antes do previsto. Un señorito da nova situación, correaxe e camisa azul, viña cara abaixo. Mirou a Ramón e pensou no cuñado fuxido. Para amolalo saudou-no á romana cun viva ostentóreo. Contesta como é debido, coño! berroulle ao petrificado Ramón. Non lle quedou outra que baixar o barril. E contestar ao saúdo. ¡Bos eran aqueles camisas azuis! O señorito marchou con sorriso satisfeito.

O caseto era espacioso. Habería que facer un tobo complementario para unha emerxencia. Á noite o cuñado podería sair a estirar as pernas pola horta. Comida non lle había faltar, aínda que non fose moita. A fonte estaba cerca. Había que gardar a vida para cando se poidese vivila.

* * *

Pepe mirouse no espello fendido. Quitou os restos de xabón. Doce anos deixaran pegada no rostro. Puxo a muda e a camisa limpa que lle mandou a compañeira. Ulía ben a roupa pranchada. Estaba decidido. Presentaríase no cuartel. Dous amigos citáranse para acompañalo. Sairía en liberdade sen cargos. Tería que presentarse, iso si, tódalas semanas no cuartel. E logo collería á muller e á rapaza e irían facer unha foto os tres xuntos. Como un documento que rubricase a nova situación. Unha foto de familia agora que ían ser, de verdade, unha familia. ■

Ilustracións: LUIS OTERO



Atentado anticlerical

Alfredo Erias

Don José tiña un vulto na fronte, era alto, vestía sotana ata os pés e andaba nunha moto antediluviana cun estraño casco de coiro apuntado. Era cura de Cuíña e a nós, os rapaces de Presedo, dábanos moita risa velo, porque poñía cara de velocidade, pero corría tan pouco que semellaba estar a punto de caer en calquera momento.

Un domingo substituíu ao noso cura (é importante dicir que tampouco estaba a mestra) e como tiña un tatexo moi especial, produto, seica, dunha caída da ditosa moto (á que se lle atribuíu tamén o vulto da fronte), a cousa derivou nun auténtico problema. Don José, moi dereito e marcial, coma sempre, dicía a misa á súa maneira, que de por si tiña algo de gracioso, pero cada vez que tateaba, nós os rapaces, que por riba estábamos na primeira fila, sentíamos ganas de rir. Xa sei que un non se debe rir de ninguén que tatexe, pero dicíndelle iso a aqueles rapaces de 8 ou 9 anos e con aquel cura diante que, intentando ser o máis serio e marcial que un se poida imaxinar, en vez de producir un acto solemne, producía xustamente o contrario: un acto cómico.

Xa sei tamén que a xente maior que alí estaba probablemente non percibiu semellante comicidade, pero os rapaces teñen máis afinada a sensibilidade do humor.

Se fora hoxe, supoño que o que faría sería saír da igrexa exaestá, pero daquela, por algunharazón, esa posibilidade non se lle pasou pola cabeza a ninguén e a misa empezou a facerse longa, eterna, unha tortura; cada vez tiñamos menos forzas para conter a risa ao tempo que esta quería saír como fose.

Era superior a nós e aquí e acolá escoitábanse murmurios, risas apagadas unhas veces, explosivas e inmediatamente freadas outras. Así durante aquela interminable misa de domingo.

Por fin, a misa rematou, porque nada hai eterno neste mundo, pero a cousa non quedou aquí. Os rapaces saímos correndo e agachámonos na horta dos de Cacheiro, os ricos do pobo, para ver

o espectáculo que producía don José saíndo na moto. Saíu, efectivamente, ía naquela máquina moi dereito e moi digno. A lentitude coa que se movía era abraiante. Só queríamos rir, xa que estábamos fóra da igrexa. Tiveramos que conternos tanto que agora, alí, nunha horta protexida por un balo de pedra íamos rir a gusto.

Pero o problema dos xuntoiros é que sempre hai un que se sente valente demais e, protexido no grupo, destaca por onde lle cadra. E ese un (non direi o nome, non vaia ser que despois de tantos anos se sinta ofendido) non se lle ocorreu outra cousa que tirarlle unha pedra ao pobre cura. Claro, como ía tan amodo, a pedra deulle directamente na cabeza: menos mal que levaba aquel casco tan raro.

Inmediatamente, conscientes de que das risas pasáramos a cometer un atentado anticlerical, corremos a todo o que daba pola horta arriba. O

cura só acertou a ver o da camisa branca: ese era eu.

A mestra de Presedo, pequena e de nariz afiada, era boa ensinando, pero tiña o defecto de aplicar o vello método de «a letra con sangue entra» a conciencia, e o catálogo de castigos que naquela escola se vían eran moi variados (de rodillas, brazos en cruz, cara á parede, vareadas na

cabeza ou onde caese, regrazos nas mans, bofetadas de todo tipo, gritos arrepiantes, etc.) sen contar os que aplicaba o seu fillo «Adolfito» (non sei se lle puxeran o nome por Hitler ou porque así se chamaba seu pai, só sei que estudiaba Medicina en Santiago), a quen debo que un día, sen máis nin máis, me homenaxeara cun levantamento enérxico polas orellas en plena clase, cando a nai non estaba. Para el debeu ser un mero exercicio ximnástico, ademais de sentirse así superior, que iso sempre axuda á autoestima, pero a sensación que a min me produciu é das que non se esquecen...

Naquel nacional-catolicismo no que nos movíamos (nós eramos bastante inconscientes, claro) a mestra era unha gran autoridade: ía tódolos domingos á misa, dirixía o rosario diario do mes



das flores (o de maio), tiña unha amizade natural co cura e a garda civil...

Resumindo, que estabamos absolutamente aterrorizados. Ao día seguinte, luns, había que ir á escola e a tunda que iamos levar sería histórica. Non dixemos nada a ninguén, fomos á escola como quen vai de vítima ao matadeiro e resultou que non pasou nada. Ao día seguinte, tampouco. En fin, deberon pasar meses sen que ocorrera nada e nós demos por esquecido o tema.

Pero un día pola mañá, cando estabamos tan tranquilos, o volcán entrou en erupción: a mestra fora á festa a Abegondo e alí don José púxo a en antecedentes. O detalle da camisa branca foi definitivo e levei a tunda da miña vida. Pola tarde,

sabedor o executor da pedrada do acontecido (non viñera pola mañá) acercouse á mestra, nun xesto de valentía e nobreza que non esqueceré, e espetoulle directamente que a pedra tiráaa el. A mestra, que non estaba acostumada a isto, non soubo como reaccionar e, como ademais xa esgotara toda a pólvora en min, deu por liquidado o asunto.

Esta non sería máis que unha das moitas trasnadas que protagonizamos aqueles rapaces de Presedo, que non debiamos ser moi diferentes a outros da nosa terra.

Hai uns días volví por alí e vin unha maceira chea de mazás con moitas delas podrecendo no chan. Non o comprendín. ¿Onde están aqueles rapaces, escachapedras, roubadores de froita?



CLARIDADE QUE SE mostra,
que non pulsas nin se entrega,
ráfaga e milésima trepadora,
que sobrevén, dixeran, como a ferida.
É un asoma, non presencia,
partícula prófuga, pinga,
que non palpaches,
que ti querías afagar ou anelar
en cada un dos dedos do teu pobo
e marchou ou derrubouse no millo,
no centeo ou na fraga, na fervenza,
pero non na fronte de ninguén,
nin no leito da casa estremecido.

Sombra de claridade
que nos presenciou e non vimos.

Fernando Díaz-Castroverde

Moro no 7º eq.
Dum prédio de dez andares
E quatro vezes por dia
Encontro, no ascensor,
Vários outros moradores.

Nunca nenhum me falou,
Nem eu falei a nenhum,
Mas sei que deve haver um,
Chamado Manuel da Silva,
Que mora no 4º eq.

E sei-o porque, outro dia,
Tendo o senhor Manuel Silva
Embatido no meu carro,
Deixou-me um breve cartão
Trilhado no pára-brisas.

A graça é que, desde então,
Quando vou no ascensor
E passo p'lo 4º andar,
Sinto que o prédio onde moro
Perde um pouco a solidão.

António dos Santos e Silva

Coimbra. 2006

Primordialidade

À memória do Prof. Filgueira Valverde

Antes de Espanha haver acontecido
fundindo-se num só seus cinco estados,
era a Galiza, em lírico sentido,
o nervo dos propósitos visados.

Raiz da Espanha egrégia e sobranceira,
sonhadora de impérios por erguer,
deu a Castela mística e guerreira
o impulso para a Espanha se fazer.

Alfobre de jograis e trovadores
solar de cavaleiros e senhores,
nas cantigas d' amigo se afirmou.

Foi em galego, meio português,
que o Sábio Rei Afonso, leonês,
a Espanha de Isabel alicerçou!

João de Castro Nunes

Sementeira num espaço secreto

A través deste poema íntimo tento semear
Num espaço secreto os campos em que me poderei
Reerguer, eterno, num luz fulgurante
Provinda dos olhos das trevas das palavras.

Fernando Botto Smedo



De lumes a lamas

Antón Fafián Porto

Este verán, a primeiros de agosto, visitei terras ourensás cunhos bos amigos, e o que fora un perfecto fin de semana rematou o domingo pola tarde cando marchamos cara a Vigo para collelo tren á Coruña. Quilómetros antes de chegar á capital olívica a visión do fume alarmounos. Como estiveramos algo desconectados puxemos a radio e soubemos que unha vaga de lumes estaba a arrasar parte de Galicia.

Chegamos á estación de tren e non víamos practicamente o outro lado da ría: Cangas, Moaña... A viaxe non trouxo mellores augurios, no traxecto de Vigo a Santiago a ámbolos lados do camiño de ferro víanse lumes... preto das vilas, das aldeas, das vías de comunicación... case que parecía que os incendiarios buscaban puntos estratéxicos.

Este verán foi moi seco. Aliado coas altas temperaturas (superiores aos 30º), baixos niveis de humidade (inferior ao 30%), e vento superior aos 30 q/h, as condicións ambientais eran as máis propicias para favorecer os lumes. Os tres factores conforman o denominado «factor 30» que son as mellores condicións para os incendios e a súa rápida extensión e difícil control. Dende logo isto non xustifica o desastre pero alíase cos incendiarios.

Repasando noticias de prensa de anos anteriores referidas ás vagas de lumes para comparalas coas deste ano, as interpretacións e os problemas son semellantes coa salvidade dos focos que se chegaron a producir algún día, máis de 300, e a aparente estratexia, se cadra; predeterminada e coordinada que daba a impresión de tentar desbordar aos medios de extinción. Se a isto sumamos o abandono dos espazos forestais, conflitos polas propiedades, vinganzas, xeración de pastos, desorde na ordenación do territorio, abandono do rural (no 1986 había 500 000 persoas vivindo do campo, agora unhas 70 000); falta de respecto por un patrimonio común, monocultivos de eucalipto ou piñeiro que arden coma teas en detrimento de especies autóctonas máis resistentes á propagación do lume aínda que, aparentemente, menos productivas a curto prazo. Cecaís sexa unha das razóns da excepcionalidade de Galicia respecto do resto de España, dado que aquí a propia Xunta

durante anos favoreceu a plantación de eucalipto para abastecer a empresas como ENCE ou ás de taboleiro; pirómanos con problemas psicolóxicos ou de alcoholismo; urbanismo, hai que ter en conta que a vaga de lumes deste verán afectou maioritariamente o eixe Santiago-Vigo na súa maior parte preto do litoral. Galicia representa cada ano o 40% do total anual queimado en España.

Outra das características dos derradeiros anos foi a suba dos custes de loita, de tres a sesenta millóns de euros, consumidos preferentemente na extinción, o que fai que algúns estudiosos falen dunha industria do lume que non deixa de medrar e necesita deste para sobrevivir (retroalimentase) e beneficiarse dun mal de toda a sociedade. Os custes e os medios incrementáanse ano a ano (máis persoal, motobombas, helicópteros, hidroavións alugados... e máis incendios). Creouse unha economía do lume que non deixa de tragar cartos, o custo da loita pasou de tres millóns de euros no ano 1989 a preto de 70 millóns no 2006, sen contar os gastos extraordinarios de medios de todo tipo que viñeron doutras comunidades de España ou incluso doutros países, a máis do Exército. Ademais dos hidroavións da ala 43 do Exército do Aire, os famosos Canadair, que andan repartidos por todo o territorio nacional, desprazáronse a Galicia máis de 1 000 homes, 288 vehículos lixeiros, 60 camións, ambulancias, alxibes, palas e retropalas, motobombas, helicópteros... que contribuíron todos tanto en labores de extinción como de patrullaxe preventiva.

Cecaís a extinción debería levala a cabo a Administración exclusivamente para non permitir a perspectiva de negocio; subvencionando aos concellos para a creación de brigadas, impulsando medidas de colaboración que impliquen aos veciños para traballar os montes e sacarlles rendemento non só para telos limpos, implicar máis as forzas de seguridade e ao exército en labores de vixilancia amais da extinción... De cara a vindeiros anos parece que a política vai mudar incidindo maiormente na prevención, aínda que tamén haberá que corrixir erros de coordinación que aconteceron. Non pode separarse a conservación da produción forestal e a prevención de incendios.

Polo que imos sabendo, vai poñerse un mando único; non é normal que a conservación dependese da Consellería de Medio Ambiente, a extinción da Consellería de Presidencia e a explotación dos montes da de Medio Rural.

Dos dous millóns e medio de hectáreas de monte galego dous tercios son de propiedade particular moi dividida, o resto é pública ou montes en man común. A única maneira de dar exemplo na xestión dos montes é precisamente a través das propiedades públicas dado que nas propiedades privadas pódese incentivar pero non obrigar. Haberían de adicarse orzamentos á compra de terreos abandonados. O monte veciñal é algo propio que pode asimilarse e que supón, se está ben xestionado, beneficios para os propietarios e para todos, e ademáis evitan os lumes.

Segundo variados estudos, vintecinco metros cadrados de monte, que pode equivaler a unhas tres toneladas de materia vexetal, permiten a retención de 150 litros de auga por ano nos acuíferos. Se multiplicamos iste dato pola superficie forestal galega podémonos dar conta da cantidade de auga que os nosos montes poden almacenar cando teñen cobertura vexetal, lóxicamente logo dun incendio os efectos das choivas son devastadores. Ao non haber vexetación viva que terme da terra, a auga forma carreiros e a parte máis fértil do solo pérdese coa escorrentía; ao chegar aos ríos, éncheos de lama e causa a colmatación dos ríos sumado con ramas, troncos, pedras ... o que unido á forte presión de construcións que encauzan e estreitan os cauces, orixinan os danos que todos vimos no caso de Cee onde a confluencia de tres ríos foi soterrada hai anos xunto coa xunqueira da desembocadura, ou en Xabaris onde os regatos van encaixonados entre muros e casas. Os ríos teñen memoria e ocupan o seu cada certos anos, de aí veñen as marxes de protección que a lei pon nas veiras dos cursos de auga, non é por capricho das administracións.

En Monfero, cabras e ovellas dun cidadán portugués, Albertino Mortiño, limpan moitos

ferrados de monte sen ningún custe para os propietarios namentas o gandeiro obtén alimento para o seu gando a pesares da desconfianza inicial dos propietarios; na comarca do Ribeiro un proxecto iniciado por Pablo Rodríguez Oitabén ten mercadas xa 300 hectáreas de monte que manteñen limpo entre todos os que colaboran na asociación cultural Ridimoas pagando unha cota anual de 10 euros co que financian o proxecto, que consiste en ir comprando parcelas de monte para conservalos con especies autóctonas; dende hai anos en moitas comarcas galegas o gando vacún autóctono (cachenas, limiás, caldelás...) ou cabalar mantén tamén limpos miles de ferrados de montes, en Allariz unha sociedade municipal limpa os montes e a maleza (biomasa) e serve para unha central de coxeneración eléctrica coa que se obtén electricidade... Albino Prada Blanco economista e doctor en xestión de recursos naturais e ambientais comenta no seu libro «Electricidade verde» que unha retirada sostible en ciclos de dez anos da biomasa daría potencialidade para que en Galicia houbera dez centrais de biomasa ben distribuídas que poderían xerar unhas 1000 Xiga Vativos, o 30 % do consumo familiar galego. ¿Como financiaría o proxecto?, «...tendo en conta que gastamos 70 millóns de euros en extinción calcula que movilizandoo unhas 50 000 hectáreas ao ano (500 000 cada dez anos) tería un coste de trinta millóns de euros xerando 4 000 empregos, reduciríamos o risco de incendios ao retirala biomasa e evitaríamola contaminación da electricidade xerada con combustíbles fósiles».

Expertos portugueses coinciden en sinalar que o cambio climático está a provocar un aumento da temperatura co que é posible que haxa cada vez máis incendios e cada vez máis graves; deberemos ter conciencia do perigo para anos vindeiros e estar preparados. As solucións milagreiras non existen, pero sumando esforzos entre todos poderémolo conquistar. Ningúen comete maior erro que aquel que non fai nada porque pensa que so pode facer un pouquiño. O tempo falará. ▢



2006 ANO DA MEMORIA


BETANZOS

Víctimas da represión fascista | 1936-39

Nº	NOME E APELIDOS	IDADE	CAUSA MORTE	DATA	LUGAR	ORGANIZACIÓN	CARGO
1	TOMÁS FUENTES BELÓN	25	Fusilamento	26-07-1936	Ferrol		CNT
2	JULIO SAS BARROS	27	Fusilamento	26-07-1936	Ferrol		CNT
3	JOSÉ NOVO RODRÍGUEZ	44	Paseado	27-07-1936	Betanzos	Izq. Rep. Ex alcalde	
4	ANTONIO MACEIRAS	20	Paseado xunto co seguinte	13-08-1936	A Reborica (Aranga)		CNT
5	JOSÉ EDREIRA («O Chuno»)	21	Paseado	13-08-1936	A Reborica (Aranga)		CNT
6	MANUEL VALES FERNÁNDEZ	31	Paseado xunto co seguinte	15-08-1936	Zona Teixeiro		CNT
7	JOSÉ RILO GARABAL («O Machacante»)	24	Paseado	15-08-1936	Zona Teixeiro		CNT
8	MANUEL RÍOS FRAGA	23	Paseado	25-08-1936	Praia Bastiagueiro		UGT
9	JUAN MOREIRA SUÁREZ	20	Paseado xunto co seguinte	9-09-1936	Espantosa (Betanzos)		Juventudes Comunistas
10	MANUEL CALVIÑO BABÍO	38	Paseado	9-09-1936	Espantosa (Betanzos)		UGT
11	FELIPE VEIGA MONTOUTO		Paseado xunto co seguinte	16-09-1936	Zona Ordes		CNT e PC
12	PEDRO BARRAL	24	Paseado	16-09-1936	Zona Ordes		CNT
13	LUIS NAVEIRA CARBALLO («O Besugo»)	32	Paseado	19-09-1936	Betanzos		CNT/Sen militancia
14	GERARDO MOSQUERA FIDALGO	31	Asasinado na casa	20-09-1936	Tiobre (Betanzos)		CNT e FAI
15	MANUEL VÁZQUEZ GÓMEZ	29	Paseado	22-09-1936	Sada		CNT
16	TOMÁS LÓPEZ LOUREDA («O Galo»)	36	Fusilado	1-10-1936	A Coruña		PSOE. Alcalde
17	MANUEL ALLEGUE REGUEIRO	24	Fusilado	7-10-1936	Ferrol		Mariño de guerra
18	FRANCISCO FRAGA GARCÍA («O Coducho»)	29	Fusilado	23-10-1936	A Coruña?		CNT
19	GERMÁN LÓPEZ PÉREZ («O Marulán»)	35	Paseado	23-10-1936	Zona Ordes		UGT
20	JOSÉ CARRO («O Cagamaterias»)	38	Paseado	27-10-1936	San Tirso-Abegondo		CNT
21	BERNARDO MIÑO ABELENDIA	67 ou 69	Paseado xunto cos 3 seguintes*	28-10-1936	Betanzos		PSOE/UGT. Concelleiro
22	ANTONIO LAGARES GÓMEZ	51	Paseado	28-10-1936	Betanzos		PSOE e UGT
23	CAMILO NAVEIRA FERREÑO	26	Paseado	28-10-1936	Betanzos		CNT
24	MANUEL FERNÁNDEZ		Paseado	28-10-1936	Betanzos		PC
25	FRANCISCO BARREIRO PERMUY («O Paragüero»)	20	Paseado	30-10-1936	Zona Curtis		Juventudes Comunistas
26	MANUEL MUÑOZ OTERO	33	Fusilado	27-01-1937	Ferrol		Mariño de Guerra
27	PEDRO TEIJO		Paseado xunto co seguinte, seu irmán	15-02-1937	Zona Cambre		CNT
28	JULIO TEIJO		Paseado	15-02-1937	Zona Cambre		CNT
29	AURELIO CASTILLO BARREIRO	32	Fusilado	9-10-1937	A Coruña		CNT
30	JOSÉ MASEDA VAAMONDE («O Calderetero»)	28	Fusilado	26-01-1938	A Coruña		CNT
31	CELESTINO VEIGA («O Caganopino»)		Fusilado	20-8-1938	A Coruña		CNT
32	FRANCISCO CORTIÑAS DÍAZ	44	Asasinado na rúa por un garda civil	12-04-1939	Betanzos		Sen afiliación coñecida
33	JOSÉ BAAMONDE VALIÑO		Morre en prisión	20-09-1939	A Coruña		CNT

* Ademais o mozo FRANCISCO MORENO, de 20 anos, da UGT, tamén foi levado a pasear cos outros catro, resultando unicamente ferido e dado por morto, sobrevivindo a este dramático suceso. A causa diso ficoulle o alcume de «O Fusilado» ou «O Paseado».

ELABORACIÓN: XESÚS TORRES REGUEIRO



Non enterran cadaures; enterran semente. — CASTILLO

PRACA E PUBLICACIÓN DEDICADAS POLO CENTRO BETANZOS DE BOS AIRES
 ÁS VITIMAS BETANCEIRAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA.
 ABAIXO, DEBUXO DE MANUEL CRESTAR ALUSIVO Á REPRESIÓN EN BETANZOS.
 PUBLICADO EN GALICIA-LIBRE, "PORTAVOZ DE LOS GALLEGOS LIBERTARIOS",
 Nº 13. MADRID, 20-I-1938.



"La Golondrina" navegando cara a liberdade

Na medianoite do 31 de agosto de 1937, unha pequena lancha de pesca partiu de Miño con once persoas ameazadas polos falanxistas e franquistas, algunha fuxida dende o golpe militar. Un par de meses antes, os irmáns pescadores Quintás de Loios fugaranse con outros cinco nunha embarcación. O ambiente estaba cheo de terror. Nove veciños do concello foron asasinados: Pepe do Lobo, o Chon, Calafriós, Román de Leiro, os Terreiro (pai e fillo), Andrés Gabín, José Pachote e a mestra titular María Vázquez.

Ricardo Pérez Medín (Miño, 1908), alcalde do Frente Popular, xunto coa súa dona Francisca López del Río (Paca a Sabina) foron os encargados de organizar a incerta fuga que remataría con éxito. A parella remataría a súa peripecia no exilio de Porto Rico, primeiro, e Panamá, logo de pasar por campos de refuxiados franceses. En Panamá faleceu Paca, mentres que Ricardo segue a voltar a Miño nos veráns aos seus noventa e oito anos.



Ricardo Pérez Medín

O pai dun dos mozos amigos nosos tiña unha embarcación chamada "La Golondrina". Saíu dúas ou tres veces a pescar para ver como funcionaba o motor. Tamén era tripulante un parente noso que nos servía de enlace.

A noite do 31 de agosto de 1937 era luns. Cando regresaron as lanchas de pescar, o tripulante informounos que a lancha estaba en condicións con 150 litros de gasolina no tanque.

Todos os días á media noite Radio Madrid transmitía as noticias do día e o parte de guerra. Os falanxistas do pobo reuníanse no cuartel a escoltalo. Ese intre aproveitámolo para xuntarmonos no porto, chegando cada un polo seu lado. Avisamos a dous que estaban agochados dende había trece meses para que se trasladaran ao porto a atoparse con nós. A barca tiña sete metros de longo, tres de ancho e un metro vinte de alto. Navegaba con motor e a vela cando había vento. Grazas a esta circunstancia nos salvamos e poidemos chegar a Francia.

Abordamos a barca once amigos: Abelardo López Varela, Francisco Rodríguez, Antonio Rodríguez o "Cuculín", Manuel Salorio o "Coruñés",

Antonio Somorrostro, Manuel Barros, a miña muller Francisca (Paca) López e eu, Ricardo Pérez, todos de Miño; ademáis de Juan Varela (de Bañobre), Andrés Fraguas (de Madrid) e Antonio González (de Viveiro). Sabíamos de antemán que se nos pillaban fusilábanos, polo menos aos maiores de idade, pero había que xogala.

Ás dúas da mañá arrincou o motor (primeira media alegría) e levounos máis dunha hora sair a mar aberto. Cando deixamos atrás as entradas da Coruña e Ferrol, puxemos rumbo a Oeste. Tiñamos que alonxarnos da costa que estaba vixiada por barcos da Mariña de Guerra de Franco.

Cando fixemos reconto dos víveres, só tiñamos un bolo grande de pan, dous queixos pequenos, unha ducia de ovos fervidos, unhas pastillas de chocolate e dezaseis litros de auga. Puxémonos dacordo como tiñamos que repartílos.

Navegamos dezasete horas a motor e once a vela sen parar. Amañeceunos o mércores perto dun pesqueiro francés. Preguntámoslle cantas millas faltaban para chegar a Burdeos. Díxonos que 130 e que o rumbo sería o leste-oeste. Deunos

2006 ANO DA MEMORIA



PERCORRIDO APROXIMADO DE "LA GOLONDRINA"

auga, un pouco de pan e cigarros. O mércores e o xoves estivemos en calma; quedábanos cincuenta litros de gasolina que non queríamos gastar por se atopabamos un barco alemán poder alonxarnos del, por medo a que nos levaran de volta para a zona fascista.

O venres comezamos a navegar a vela, o vento era bo e ao mencer do sábado estabamos na costa de Francia. Como era perigoso aproximarse a terra gastamos a gasolina navegando cara o norte. Cando se esgotou, fondeamos a áncora. Así todo o día ate que ao anoitecer outro pesqueiro, tamén francés, levounos cara a boca do río de Burdeos.

Dormimos tapados coa vela. Pola mañá, xa que non había vento e a costa estaba relativamente próxima, comezamos a remar. Nunha barca pequena a motor veu un mozo e levounos á vila de Marennes. Era o domingo á mañá. Veu o Alcalde e recibíunos moi ben e deu a orde de que nos serviran a comida dun restaurante.

Estabamos alegres por ter chegado, pero nós pensabamos que sería da avoa Encarnación que quedou soíña na casa. Contáronnos que a noticia da nosa fuga espallárase como a pólvora. Os falanxistas aseguraban que nos ían levar de volta e que nos fusilarían no adro da igrexa. Meu pai pasárase todo o día agochado entre o millo mirando o mar, agardando a ver se nos pillarán. Canto tivo que soportar a nosa familia dos falanxistas despois de deixalos en ridículo coa nosa escapada! Para eles, os principais responsabeis eramos Paca e eu.

Moitas veces pensei en canto me tiñan servido aquelas clases de náutica que me deron na escola do Pósito de Pescadores cando era rapaz. Moitas veces que ía á praia debuxaba na area o mapa de España e, con puntos, a rota que teríamos que levar se conseguíamos saír para chegar a Francia.

En Marennes estivemos dous ou tres días. Dalí mandáronnos a Rochefort. Había que navegar por un río e, como a marea estaba baixa, agardamos a que subira. Mentres tanto acercouse a nós unha pequena embarcación e entregounos unha cesta de comida e unha tarxeta que decía: "Café Port de las Barcas. Un simpatizante do Frente Popular". Nunca poidemos darlle as grazas.

Cando chegamos a Rochefort atopámonos con máis de cincuenta barcos pesqueiros españois que fuxiran de diversos puntos do norte de España antes de caer prisioneiros de Franco.


Alí tomamos un tren que nos levaría á fronteira con Cataluña. Durante a viaxe, e en todas as estacións, agardábanos un Comité da Cruz Vermella francesa que nos atendía e nos daba café e alimentos.

Na fronteira tomamos o tren que nos levou a Barcelona. Era o 17 de setembro. A policía deixounos ir dormir coa condición de que nos presentáramos nun cuartel do exército ao outro día. Antes, atopamos a un veciño e deunos algún diñeiro, non lembro canto.

No cuartel investigáronos. Mentres, a comida recibíamola formando fila como os soldados. Paca tamén formaba e os soldados sempre a trataron con todo respecto. Creo que a consideraban medio heroína. Era a única muller que formaba igual que se fora un soldado.

Aos poucos días mandáronos para Valencia. Alí estaba o goberno da República que se tiña evacuado de Madrid.

(Dos "Apuntes" de Ricardo Pérez Medín, redactados en abril de 1993 en Panamá. Versión galega.)



RICARDO PÉREZ MEDÍN, DE 98 ANOS, NA SÚA CASA DE MIÑO CO COORDENADOR DA XANELA NO PASADO AGOSTO.

2006 ANO DA MEMORIA

Percorrendo os espazos da memoria

Como remate dos actos celebrados baixo o lema "Sombras na memoria", o sábado 21 de outubro a A.C. Eira Vella organizou un roteiro por Betanzos, parando nos puntos máis significativos relacionados coa República e a represión franquista. Leronse textos históricos e poemas, acompañados de música e ofrendas

1. CASA DO CONCELLO

O día 15 de abril de 1931, ás once da mañá, ten lugar a proclamación da República no Concello. Asisten os candidatos republicanos proclamados para as eleccións do pasado día 12 que se fan cargo dos postos de concelleiros en nome do Goberno provisional da República «que manifiestan representar». Son estes, pola orde en que figuran: Bernardo Miño, Víctor Cancela, José Novo, Ramón Beade, Víctor Montoto, Raimundo Montes, José Picado, José Rey, Agustín Costoya, Emilio Ferreira, Ricardo Bonome, José A. Carabel, José Veiga Roel, José Iglesias, Francisco Castro e Antonio Lagares. Izouse a bandeira republicana e a galega e dende o balcón fixo uso da palabra o alcalde provisional Víctor Cancela, proclamando o novo réxime.



2. «CASA DEL PUEBLO»

A Casa del Pueblo foi construída co legado que deixou ás sociedades obreiras o benefactor betanceiro Xesús García Naveira. Inaugurouse no ano 1919. Foi sede de sociedades agrarias, obreiras e sindicais, políticas e de seguros mutuos. Tamén da Cooperativa Socialista. Dende aquí partiu cara o Concello a comitiva que proclamou a República na mañá do 15 de abril de 1931. En 1936 foi incautada polos franquistas. Posteriormente foi vendida a particulares.

3. ARCO DA PONTE NOVA

Na tarde do día 22 de xullo Betanzos foi tomada por unha columna militar con carros de asalto procedentes de A Coruña. Un pequeno grupo de obreiros e paisanos mal armados con escopetas e pistolas requisadas previamente dispónse a resistir, tratando de frear un pouco o avance e gañar tempo, facéndose fortes nunha das portas da vella muralla, no Arco da Ponte Nova, e nun outeiro sobre a ponte do ferrocarril. Nestes momentos, xa coas autoridades municipais fóra da localidade, produciuse o lamentable feito da queima e saqueo do convento de San Francisco por elementos incontrolados.



4. PARQUE «PABLO IGLESIAS»

A corporación municipal republicana acorda o 30 de xuño de 1931 construír un parque público neste espazo recheado sobre o antigo cauce da ría. Amais da construción dun entorno de lecer, as obras contribuían a paliar o paro e prolongáronse durante tres anos en diferentes etapas. O parque ou xardín foi denominado oficialmente de Pablo Iglesias, nome que durante o franquismo foi suprimido, sendo recuperado na etapa democrática.

5. PASEO DE RAMÓN BEADE

Naceu en 1900 en Touriñao de Abaixo nunha familia labrega. En 1922 era secretario da Asociación de Labradores da súa parroquia e, posteriormente, dirixente da Federación Agraria do Partido de Betanzos. Deputado nas Cortes Constituíntes (1931-33) e eleito de novo nas eleccións que deron o trunfo á Frente Popular en febreiro de 1936. Desempeñou a Alcaldía de Betanzos durante un breve período ata ser destituído e preso a consecuencia dos sucesos de Outubro de 1934. A partir da sublevación militar, Beade conseguiría salvar a vida permanecendo agochado durante dez anos, acolléndose logo á amnistía, realizando unha certa actividade política clandestina.

6. CEMITERIO MUNICIPAL

A) tumba de TOMÁS LÓPEZ DA TORRE

Naceu en Betanzos en 1899. Realizou os estudos de Dereito en Madrid. Exerceu como Avogado, significándose na defensa dos humildes. Ingresou no Partido Socialista en 1931. Cando a revolución de outubro de 1934 trasladouse a Asturias para defender a obreiros encausados en consellos de guerra. A raíz do trunfo da Frente Popular, foi nomeado Alcalde en abril de 1936. Foi condenado a morte tras consello de guerra, sendo fusilado na Coruña o 1 de outubro de 1936.





B) TUMBA DE JOSÉ NOVO RODRIGUEZ

Contra as tapias do cemiterio foi asasinado na madrugada do 27 de xullo de 1936 Xosé Novo, xastre de profesión de 44 anos. Deixaba viúva e cinco fillos pequenos desamparados. Foi membro da ORGA e logo da Izquierda Republicana de Azaña. Gozaba de predicamento entre os traballadores. Desempeñou o cargo de concelleiro e, durante un tempo, de Alcalde.

C) TUMBA DE RAMÓN BEADE MÉNDEZ

Morreu aos 56 anos, aqueixado da doenza agravada nos anos de fuxido. A súa morte tivo repercusión na prensa do exilio e o seu enterro laico foi concorridísimo como o dun personaxe carismático e querido. De todas as partes das Mariñas acodiron centenas de persoas pese á prevención das autoridades franquistas.

7. CASILLA DE SAN PAIO

Na madrugada do 28 de outubro de 1936 foron «paseados» neste lugar os betanceiros Manuel Fernández, Camilo Naveira Ferreiro, Antonio Lagares Gómez e Bernardo Miño. Ademais do mozo Francisco Moreno, tamén levado a pasear cos outros catro e que logrou sobrevivir a este dramático suceso ao resultar ferido e dado por morto.

8. CAMPO DE CONCENTRACIÓN DA MAGDALENA

En Galiza funcionaron diversas instalacións presidiarias, para acoller presos que proviñan dos frentes de guerra. O campo de concentración de Betanzos era a vella fábrica de curtidos dos Etcheverría que estaba inoperativa dende había anos. Os presos só dispuñan da fonte inmediata para beber e lavarse. Moitos veciños facilitábanlles comida e lavábanlles a roupa. Moitos daqueles prisioneiros foron paseados na Canteira de Ribalta e no Xuncaliño.

9. A CONDESA

A) RÚA DO ALCALDE LÓPEZ DA TORRE

No ano 1995, aproximadamente, o Concello de Betanzos dedicalle esta rúa ao derradeiro Alcalde da República, cargo que apenas exerceu tres meses. Da Torre será lembrado sempre, á marxe das súas cualidades humanas e políticas, recoñecidas mesmo polos contrarios, como o alcalde betanceiro do Frente Popular que pagou coa súa vida a integridade dos seus principios ideolóxicos.

B) RÚA DE BERNARDO MIÑO ABELENDADA

No mesmo ano o Concello dedicalle esta rúa ao dirixente máis veterano do socialismo local, nado en 1867. Labrego de profesión, cunha longa e dilatada actividade agrarista e política que se retrae á fundación da Asociación de Agricultores de Betanzos en 1900. A súa forte personalidade, as súas cualidades como organizador dos labregos e a súa honradez, que nin siquiera era cuestionada polos seus inimigos políticos, fixeron del un dirixente natural. Concelleiro durante a República, foi «paseado» na Casilla de San Paio, xunto con outros traballadores betanceiros.



Justo Rodríguez na memoria histórica de Sada

Manuel Dans

Os resultados das eleccións municipais de 1931, co trunfo dos partidos democráticos e o fracaso de Afonso XIII por conserva-lo poder pola forza, encetan o curto pero intenso período histórico da II República. En Sada, a vitoria de Esquerda Republicana outórgalle a alcaldía ó seu representante local, Justo Rodríguez Pérez. Trátase dun emigrante retornado, profundamente comprometido coa causa dos pobres, ademais dun magnífico orador que entusiasma á xente con apaixonados discursos que pronuncia desde o emblemático edificio da Terraza. Pouco tempo permanecerá no cargo, embora, xa que ó ano seguinte renunciará a el por problemas de saúde.



volver para a casa. Desta vez tomará tódalas precaucións posibles, marchando de noite e disfrazado de muller cunha cesta á cabeza. Xa de volta haberá de afrontar que é no fogar onde máis perigo corre pois, como vén sendo habitual, a Guardia Civil irrompe violentamente nel a calquera hora do día e da noite. Outro problema é o fillo máis novo, Juan, de seis anos, sen idade para poder garda-lo segredo diante da xente, polo que o pai deberá de se ocultar tamén del na escuridade silandeira do faiado. Non renunciará por iso a velo medrar, e un día en que o neno estrea traxe novo, dille á muller que o mande ir polo camiño que dá á xanela do faiado para podelo mirar.

Cando a ambición dos militares africanistas e os seus acólitos desencadea a Guerra Civil, en xullo do 36, o seu substituto na alcaldía, Fernández Pita é apresado e fusilado despois dunha afouta e desesperada resistencia armada na Casa do Concello. A Justo chámanos para se presentar no cuartel, requerimento que naqueles días significaba a pena de morte. Sabéndose condenado proxecta fuxir cara á outra banda da ría a bordo da súa propia lancha, e agardar alí a ver qué acontece. Sen embargo, cando sae da casa xa o están esperando fóra. Quen o descubre primeiro resulta ser, por sorte, un amigo seu, que aínda que falanxista é quen de separar afecto de ideoloxía e ideoloxía de crime. Para axudalo fai como que lle dá un cólico, cativando a atención dos compinches mentres o seu amigo lisca por entre as rochas.

En Miño permanece un tempo ata que por un recado entérase de que hai unha familia de confianza en Fontán, o porto de Sada, disposta a goremelo. Permanecerá con ela un ano ata que a necesidade de ve-la familia e o sentimento de rabia por comprometer ós seus hóspedes impúlsano a

Fronte ós rexistros, a súa filla María, duns dezoito anos, ideaando o oco das escaleiras, que tapia, creando un baleiro ó que se accede a través do relanzo de madeira que está xusto enriba. Arredor del espárese periodicamente un repelente para cans que acabará por resultar eficaz.

Esta situación, en principio provisional, vaise alongando desesperadamente, durante case unha década, o que resulta excesivo para a economía familiar: primeiro vanse os aforros; logo hai que vende-los bens, desde a lancha ata os colchóns das camas; a muller, María Varela e maila filla entran a traballar nunha fábrica de salazón, mentres que Juan vai á caridade da sempre solidaria xente do mar. Justo, pola súa banda, amáñase para montar unha máquina de coser, facer zapatillas e remendar roupas de auga. Afeito á escuridade, é capaz de ler nos xornais estranxeiros que envía un amigo á familia. Por eles entérase da chegada dunha amnistía cativa, que en realidade é unha allada da que se librará por pouco mercé á intercesión de varios persoeiros da vila.

O costume de pecha-las fiestras perseguirá sempre á muller, mesmo despois do pasamento do seu home, preferindo a escuridade á luz do día. A súa alma mancada atopará na ideoloxía de quen noutroa fora elixido pola maioría dos sadenses como alcalde, a causa da desgraza familiar.

A sorte dos fillos

Durante a Guerra Civil, outro fillo de Justo, de nome Manuel é reclutado polos fascistas e enviado a loitar. O último que se sabe del é que tenta pasarse á República sen éxito.

Despois da fin da guerra, co pai xa rehabilitado, anúnciase a chegada dun barco procedente da URSS con refuxiados nos que figura o nome do fillo, Manuel Rodríguez Varela. O pai estao esperando no peirao, impaciente e ilusionado, mais cando o encara descubre que este Manuel é outra persoa cos mesmos apelidos.

A familia nunca puido saber onde lle mataran o fillo para poder ter un lugar de referencia onde poñer unhas flores e dirixirille a palabra. Mesmo hoxendía, os restos daquel rapaz de vinte anos seguen soterrados nalgún foxo común do milleiro que se espaxa ó longo das xeografías española e galega, enclaves trágicos, moitos coñecidos, dos que só uns poucos van vendo a luz en datas ás veces serodias, aínda que benvidas.

Juan criouse na certeza de que non tiña pai, polo que os tiróns de orellas que lle daban a miúdo para que falara, só conseguían que o neno se sentise culpable por algo que ignoraba. A irmá gardou o segredo con dignidade e afouteza, a pesar das continuas aldraxes físicas e morais que perpetraron contra ela. Anos máis tarde, un Juan adulto emigra a Uruguai, onde traballa nunha fábrica na que salienta pola súa actividade sindical: é o herdeiro ideolóxico do pai. Ó pouco de retornar a Galicia, aquel país sofre un golpe de estado apoiado por EEUU, ó que segue unha represión na que serán asasinados os compañeiros de sindicato.



SADA NOS ANOS VINTE. GRAVADO DE CORTÉS

Santiago de Vilamateo

**Xosé María Veiga Ferreira
Juan Sobrino Ceballos**

O nome venlle do latino villa, co que se denominaba unha forma de propiedade agraria e habitacional de época romana ou alto medieval xunto cun nome persoal de Mateo. Moitos dos nomes de lugar están vinculados á agricultura ou a características da terra como as Agradas, Aveal, Campo, Cernadas, Lama, Liñares.

Unha delimitación antiga da parroquia témola no Catastro de Ensenada de 1752:

«Linda principiando en un Marco de Piedra alto que divide de San Phelix de Monfero que llaman la Cruz do Abade, y de allí se va a otro marco que denomina do trevello, dividiéndose de la feligresía de Torres hasta la peña marcada con un pico que está junto al Camino que viene da Laje para el río da Castiñeira y puerto del mismo río siguiendo la corriente de este hasta un marco que se halla en el sitio que llaman do Paibelo, desde este dividiéndose por la feligresía de Goimil hasta el sitio da Fonte Vella de Gulfín, y Porto da Panda, y a la croa do Castro y de allí sigue al sitio do Espigón de San Clemente y desde este sigue río arriba, dividiéndole de la feligresía de Ambroa hasta el sitio de Louseiros, y desde este a la Peña que llaman francisca desde esta a la expresada cruz do Abade.»

Algúns dos marcos aínda os podemos ver actualmente como é o da Cruz do Abade, que delimita os concellos de Monfero e Vilarmair,



MARCO DO SEIXO



PETROGLIFO NA PENA DO BOI

situado á beira do antigo camiño real que ía de Betanzos a Monfero. Contan no lugar que se chama así porque alí déronlle morte cunha saeta ao abade de Monfero, Jacome Calvo no s. XV. Dise que fora por cousa dos tributos, e quen lle dera morte fora o dono do pazo de Calobre. Esta lenda foi recollida nun tumbo do mosteiro de Monfero. Dixéronnos tamén que «*No burato a xente deixaba patacóns, para as ánimas, e mesmo prendas íntimas*»

Hai outros dous marcos: o do Porto do Río que divide Vilamateo e Ambroa, que está partido. Finalmente, o marco do Seixo está cerca de Loureiros, moi próximo á zona arqueolóxica de Vilamateo, non hai moito tempo colocáronlle ao seu carón un antiestético cartelón anunciando o espazo protexido das Fragas do Eume.

Se por algo destaca o patrimonio de Vilamateo é pola súa riqueza arqueolóxica. Do último marco mencionado e, a escasamente trescentos metros, atopamos seis mámoas: tres moi deterioradas coñecidas como mámoas das Pollosas; as outras están mellor conservadas, dúas nas Pataqueiras e unha nos Cheiños.

Completan o conxunto arqueolóxico dous Petroglifos, en bastante bo estado, na chamada Pena do Boi, con gravados xeométricos de círculos concéntricos. Un deles con oito aneis completos e un incompleto, é unha das combinacións circulares



CRUZ DO ABADE

máis grandes atopadas na Península Ibérica. (Publicados polo Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos. *Anuario Brigantino*, 2003)

Hai varias referencias documentais de Vilamateo na documentación do mosteiro de Monfero. O primeiro é de 1162 en que Munio Rodríguez, Juan Rodríguez Meisón e outros doaron ao mosteiro a facenda que tiñan na ferigresía de Santiago de Vilamateo que era unha granxa que se coñecía polo nome de «Meixós». Posteriormente hai varias anotacións de doazóns ao mesmo mosteiro como no 1268 en que Froila Pelayez de Callobre doou o lugar de Espaldoña. No documento de fundación da vila de Pontedeume en 1270 concedida por Alfonso X aparece tamén o lugar de «Santiago de Vilamateu».

Unha das testemuñas do mundo medieval de Vilamateo é a ermida de San Clemente, un templo de pequeno tamaño sobre rocha natural, con nave rectangular e unha ábsida semicircular orientada ao leste. Na parte Norte conserva os restos de dous contrafortes. Todas características moi semellantes a algunha da comarca coma a de Espenuca, propias do estilo románico. Dise no lugar que moitas das pedras desta ermida foron levadas para facer a capela de Nosa Señora do Perpetuo Socorro en Torres. (Foi publicado polo Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos no *Anuario Brigantino*, 2002).

É posible que a orixe do mosteiro fose anterior ao século X, así nun documento conservado no Arq. Histórico Diocesano hai unha referencia que nos indica que xa no 983 era anexo de Cines. Está situado á beira do río nun lugar de difícil acceso no que nace a auga no medio dunhas rochas, polo que non sería raro pensar que fose un lugar de culto á auga en época pre-cristiana. O cristianismo puxo baixo a advocación de San Clemente, un santo de culto antigo que disque morreu afogado e conta a lenda que abriu unha fonte na rocha para aliviar aos seus compañeiros de martirio. Todo isto lévanos a unha continuación do culto á auga aínda que cristianizado.

Hai moito tempo que o mosteiro foi abandonado, así o Padre Yepes no 1559 facía mención del e comentaba o seguinte:

«bájase allí con mucha dificultad...llegando abajo se ve una ermita y una casa pegada a ella, que si bien las paredes estan en pie y el ventanaje, pero las piedras estan ya desencajadas, y los mismos robles gruesos, metidos en las paredes, las tienen descompuestas».

Jerónimo del Hoyo en 1607 tamén comentaba: *«hermita muerta con quien toda la tierra tiene mucha devoción y junto a ella nasce una hermosa fuente de la avertura de un peñasco»*

Había unha pequena figura de San Clemente que andaba de casa en casa e que era moi avogosa da chuvia. En épocas de seca sacábase a San Clemente para a leira e había que ter conta para retiralo antes que se mollase. A figura do santo que aínda recordan os veciños desapareceu a finais do s. XX nalgunha das casas de Vilamateo e descoñécese o seu paradiro.

Contan que no mosteiro había antigamente unha romaría pero deixou de facerse *«porque sempre había rifas entre os xibeiros e os papanduxeiros»*. Un era o alcume dos veciños de Ambroa e o outro dos de Goimil.

A actual igrexa parroquial non presenta especial interés, con cuberta a dúas augas e coa típica espadaña barroca.

No lugar de Aveal hai unha curiosa estrela de seis puntas nun dintel dunha casa e en Espaldoña podemos contemplar un curioso muiño de auga, que a pesar do abandono aínda presenta partes en bo estado coma as paredes, a canle de pedra ou o pousadoiro. Nas paredes atopamos varias cruces inscritas na pedra e dúas moas que foron postas para asegurar un dos muros e que lle transmiten ao conxunto a curiosa sensación de que en calquera momento pode botar a andar.

(Para a realización do presente artigo contamos coa colaboración de Alberto López do Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos)

RESTOS DA ERMIDA DE SAN CLEMENTE



Hugo Rocha pasou e non parou

O xornalista e escritor portugués Hugo Rocha, quen andivo polas terras galegas en varias ocasións, ollando o país con amor e curiosidade, como unha prolongación das súas terras lusitanas, publicou en 1946 nun volume que leva por título *Itinerario da Galiza* unha recopilación de artigos reflexando as súas andanzas e vivencias polo país galego. A tradución castelá, que nós versionamos ao galego, é da autoría de D. Generoso de Barcenilla, e leva un prólogo de Wenceslao Fernández Flórez. Foi publicada en 1948 polas Ediciones Stvdivm de Cultura, de Madrid.

Rocha pasou por Betanzos no autobús de liña, sen parar, en dirección a Ferrol, que daquela era «del Caudillo», claro. Certamente, non lle fixo xustiza á cidade, que ben merecía unha parada.

Pontedeume semelloulle unha poboación máis colorida e graciosa que Betanzos, e máis atraínte e encantadora, aínda que tampouco parou na vila eumesa e a súa foi unha visión de pasada.

Entre as láminas que inclúe—algunhas preciosos apuntes de Quintas Goyanes— figuran toscos debuxos de Castro Lemos —coidamos que portugués—, un representando unha das portas da cidade betanceira, probablemente esa da que fala Hugo Rocha e que ollou de pasada dende o autobús. (S.T.)



Da Coruña a Ferrol, pasando por Betanzos

[...] **A**viaxe é, á verdade, propicia para o encanto do viaxeiro. O máis notábel e admirábel nesas decenas de quilómetros que o autocar recorre en dúas horas, é, sen dúbida, Betanzos. E despois de Betanzos, Pontedeume. Betanzos, antiga capital do reino de Galicia, escura, aínda que graciosa, avulta na paisaxe coa perspectiva da súa venerábel vetustez. Atravésaa a estrada, e como o río Mandeo pasa polo medio, hai moitos aspeitos que admirar, aínda que pouco tempo para iso. Nin á ida nin á volta conseguín poñer o pé fóra do vehículo, e así recrear os ollos na contemplación das reliquias arqueolóxicas e artísticas de Betanzos. Rúas sumerxidas no característico sosego provinciano, case sórdidas de aspeito, co carimbo da vellez acentuadamente impreso no pavimento e nos edificios. Soldados, xente do pobo no granxeo cotián da vida, animais domésticos na vía pública. A mesma ría semelloulle marcada con aquel selo de decadencia material, desagradábel a quen leva os ollos afeitos ao brillo da vida e das cousas coruñesas. Ollada dende fóra, dende a estrada, Betanzos, que xa foi cabeza dun reino e residencia dunha corte, atrae e enfeitiza a ollada. A rexión chamada das Mariñas rezuma humidade. Panoramicamente, é do máis sorprendente que Galiza proporciona ao viaxeiro. O esteiro da ría, tan abondoso como fértil, vai sinalando a paisaxe. Unha

das tres portas da cidade forte de antano conserva toda a súa expresión evocadora. A carón do seu arco medieval pasou o autobús amodo dabondo, para que este anaco do burgo histórico me ficase ben impreso na retina. [...]



Centenario da Academia Galega

Catro mariñáns académicos fundacionais

O 4 de setembro de 1905, no salón de actos da Casa do Consulado, na Coruña reuníronse (uns en persoa e outros por delegación) os delegados designados pola Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, que presidía na Habana o poeta Curros Enríquez. Antes de entrar na orde do día, acordouse "a una voz" nomear a Dona Emilia Pardo Bazán Presidenta honoraria da Academia, e a don Ramón Pérez Costales (tamén "a una voz") Académico honorario. A Academia debería constar das seccións de Ciencias, Historia, Literatura e Belas Artes, segundo o regulamento da Asociación da Habana. Acórdase por maioría que o domicilio social fose A Coruña e pasase a fixar o número de académicos efectivos en corenta, tendo por base os que xa foran designados dende A Habana e procurando representación das catro provincias.

Os corenta eleitos foron os señores seguintes, por orde alfabética e con indicación da súa natureza:

Amor Meilán, Manuel (A Coruña)
Armada Teijeiro, Ramón (Ortigueira)
Banet Fontenla, Manuel (A Coruña)
Barcia Caballero, Xoán (Santiago)
Bernárdez González, Ramón (Carballiño)
Cabeza León, Salvador (Betanzos)
Carré Aldao, Uxío (A Coruña)
Constanti Ballesteros, Pablo (Santiago)
Fernández Alonso, Bieito (Ourense)
Golpe Varela, Salvador (Betanzos)
Lago González, Manuel (Tui)
Lamas Carvajal, Valentín (Ourense)
López Ferreiro, Antonio (Santiago)
Lugrís Freire, Manuel (Sada)
Marqués de San Martín (A Coruña)
Miguel de la Iglesia, Marcial (Santiago)
Macías García, Marcelo (Astorga)
Maciñeira Pardo, Federico (Ortigueira)
Martínez Salazar, Andrés (Astorga)
Murguía, Manuel (A Coruña)
Oviedo Arce, Eladio (Santiago)
Ojea, Xosé (Cortegada)
Pérez Ballesteros, Xosé (Santiago)
Pérez Barreiro, Rafael (Madrid)
Pondal Abente, Eduardo (Ponteceso)
Requejo, Wenceslao (Vigo)
Rodríguez González, Eladio (Leiro)
Rodríguez López, Xesús (Lugo)
Romero Blanco, Francisco (Noia)
Salgado Rodríguez, Xosé (Caldas)
Sampedro, Casto (Pontevedra)
Saralegui y Medina, Leandro (Tui)
Tapia Rivas, Emilio (Mondoñedo)
Tettamancy Gastón, Francisco (A Coruña)
Tojo Pérez, Ramón (Padrón)
Vaamonde Lores, Florencio (Sada)

Varela Lenzano, Indalecio (A Coruña)
Vázquez, Arturo (Ourense)
Vega Blanco, Xosé (Lugo)
Vicuña, Ramón L. de (Canarias)

Tres que foran eleitos rexeitaron o nomeamento por diversas razóns: Anxel Amor Ruibal (Pontevedra), quen foi nomeado académico honorario; Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo), por enfermidade; e Celso G. de la Riega (Pontevedra). Ademais, Víctor Said Armesto (Pontevedra), designado dende A Habana non puido ser nomeado académico de número por residir fóra de Galicia, mais ocuparía a primeira vacante caso de voltar.

Lido o proxecto de Estatutos, aprobouse por unanimidade. Seguidamente nomeáronse os cargos da Academia para os que resultaron eleitos: don Manuel Murguía, como Presidente; don Xosé Pérez Ballesteros, como Tesoureiro; don Uxío Carré Aldao, como Secretario; e don Galo Salinas Rodríguez, como Arquivo-Bibliotecario.

Temos, pois, que catro dos académicos fundacionais eran fillos das Mariñas: Betanzos, Oza, Sada e Bergondo eran os seus concellos de nacemento. Pois, en realidade Salvador Golpe Varela nacera en Oza dos Ríos e non, como consta no documento académico, en Betanzos. E Florencio Vaamonde Lores nacera na parroquia de Ouces do concello de Bergondo, e non de Sada.

XTR

DE ESQUERDA A DEREITA, OS CATRO MARIÑÁNS :
SALVADOR CABEZA DE LEÓN, SALVADOR GOLPE, MANUEL
LUGRÍS FREIRE E FLORENCIO VAAMONDE LORES



A renovación e a calidade dende Arxentina

Xosé Luis Sobrino


A música arxentina está de noraboa e aquí temos tres exemplos que dan conta do espléndido momento que atravesan os solistas e letristas do país sudamericano. Todos son vellos coñecidos da pasada década que veñen de acadar recoñecementos en distintas vertentes á súa labor creativa. Nesta ocasión presentamos tres discos publicados neste mesmo ano e que por un outro motivo supoñen un recoñecemento á carreira de distintos músicos, iconos xa do pop-rock arxentino e latino.

Gustavo Cerati **«Ahí vamos».** **2006.**

Quizais él sexa o de máis actualidade ao ter conseguido na última edición dous Grammys latinos que simplemente ratifican a enorme calidade do traballo que achegamos a estas páxinas. A súa consideración na actual edición coa consecución dos premios ao mellor álbum rock e tamén ao mellor tema rock pola canción «Crimen» dan fé do bo momento que atravesa o músico arxentino. Pero a isto hai que engadir o Grammy que se levou xunto con Shakira, xa que Cerati foi quen correu coa produción do exitoso disco que levou á cantante colombiana a escoitarse en tódolos recunchos do mundo.


Gustavo Cerati non é un recién chegado ao mundo da música, anteriormente foi o líder da exitosa banda Soda Stereo. Pero a partir da súa disolución é cando toma forza a súa carreira como solista coa publicación de tres discos «Bocanada», «Siempre es hoy» e «Ahí Vamos». Este último presenta un espléndido equilibrio na súa faceta compositora entre temas con riffs fortes e enérxicos como o caso de «La excepción», ambientes misteriosos como o de «Uno entre 1000» e outros temas con letras suxerentes e evocadoras como «Otra piel». Variedade de rexistros dos que da conta o tema galardoado «Crimen». Todo un luxo para os sentidos, xa que o coidado aspecto gráfico dos traballos editados por Cerati e Soda Stereo é outra constante na súa carreira.

En definitiva un bo aperitivo para quen queira achegarse á riqueza do panorama actual da música arxentina.



Calamaro Querido **«Cantando al salmón»** **2006.**

Disco de recoñecimento dunha longa lista de autores ao cantante arxentino contemporáneo máis universal, Andrés Calamaro. Este disco pretende ser unha homenaxe a un autor creativo, polifacético e capaz do mellor e do peor, de sacar un quintuple cd ou de versionear a clásicos do tango co seu particular estilo para sorpresa e escándalo dalgúns puristas deste xénero porteño.



A importancia de Calamaro na música actual enténdese si miramos a lista de participantes neste proxecto de homenaxe. Dentro dos que o fixeron dende Arxentina atopamos nomes relevantes como o de Fito Páez, Los Fabulosos Cadillacs, Diego Torres, Javier Calamaro, Fabiana Cantilo, Los Tipitos ou León Gieco. Dende España tamén se sumaron varios á homenaxe como Joaquín Sabina, El Canto del Loco ou Pereza. Mentres que dende outros puntos do planeta sumábanse á homenaxe figuras da talla de Julieta Venegas.

No disco atopamos versións variadas, algunhas que se cinguen máis ao que fora a concepción orixinal do artista e outras pasadas polo filtro de quen as versiona.

En suma estamos ante un traballo orixinal que sen dúbida non defraudará aos seguidores do músico arxentino e que pode servir como repaso dos seus grandes éxitos e como pasarela de iniciación á febre calamarista a quen de momento non se sentira atraído pola súa música.


Los Tipitos «Tipitorex vivo» 2006.

Estamos ante o disco dos tres incluídos nesta sección máis descoñecido na escena musical española. Con este disco o grupo rende unha homenaxe aos 11 anos de carreira nos que pasaron por múltiples vicisitudes, que finalmente os levaron a facerse un oco na axenda do rock arxentino.

Contan con nove discos publicados e este último ven a ser unha coidada edición dun dos seus concertos no que repasan diferentes temas da súa carreira.

En total podemos escoitar 18 temas que dan boa conta dos variados rexistros deste grupo.

A destacar algúns temas con vocación de himno xeracional ou de pervivir co paso do tempo como «Flasheadito» ou «Sábados Blancos». Porque pese a que en determinados momentos Los Tipitos poidan botar man de xéneros alleos como o rap en «Master of the universe», o que eles realmente fan ben é un rock de tintes clásicos, mesturado con aires pop. En suma temas atemporais para unha das grandes bandas do rock arxentino.



As novas que nos chegan

Baraxeiro

A dedicatoria do Día das Letras Galegas deste ano a Manuel Lugo Freire (1863-1940) suscitou a aparición de diversos traballos sobre a súa vida e obra. Velaí algúns que chegaron ás nosas mans:

MANUEL LUGRÍS FREIRE. ESCOLMA DE TEXTOS, é unha pequena antoloxía que recolle as diversas facetas do orador, narrador, dramaturgo, poeta e xornalista sadense. A edición correu a cargo de **Mónica Martínez Baleirón**, do Servizo de Normalización Lingüística adscrito á Concellaría de Xuventude e Normalización Lingüística do Concello de Betanzos, entidade que publica a obra.

MANUEL LUGRÍS E AS MARIÑAS DE SADA, é un traballo de **Miguel Gayoso Barreiro** que recolle a relación de Lugo coa súa vila natal e a edición facsímil do folleto poético "As Mariñas de Sada. Homenaxe á sociedade Sada y sus Contornos" que o autor publicou en 1928 na imprenta coruñesa de Zincke Hermanos. Editado polo Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e Contornos (que dirixe precisamente o autor do traballo), con diversos patrocinios.

MANUEL LUGRÍS FREIRE. ESCOLMA DE TEXTOS, en edición de **Nélida Cosme Abollo** e **Dolores Sánchez Vales** facilita unha aproximación bastante completa á obra do sadense. Poemas, teatro (recolendo íntegras as obras *Mareiras* e *O pazo*), contos, artigos, discursos (o de Betanzos de 1907, o de ingreso no SEG sobre Pondal, e o da conmemoración do IV centenario de Camões) e cartas, ademais dunha tradución do propio autor de *Mareiras* ao castelán, quizá o de menor interese para o lector galego. O volume está editado por Edicións do Castro e fai o número 198 da colección serie/Documentos.


CRÓNICAS DEL DESORDEN recolle crónicas e artigos sobre temas culturais e de actualidade escritos entre os anos 2000 e 2005 polo arxentino de ascendencia galega **Carlos Penelas**. O volume, publicado por Ediciones del Valle e que o autor nos fixo chegar atentamente dende Buenos Aires, conta co auspicio do Centro Betanzos, o semanario Galicia en el Mundo e o diario Nueva Rioja.

son de poesía, quere ser unha homenaxe da palabra viva a catro poetas galegos desaparecidos nos últimos tempos: Antón Tovar, Manuel María, Xela Arias e Luísa Villalta. Vintenove son os poetas de Portugal e da Galiza que colaboran neste proxecto, entre eles Estibáliz Espinosa, Rafa Villar, Luz Pozo, Álvarez Torneiro e Miro Villar, por citar algúns que teñen colaborado na Xanela. A selección dos autores e a edición correu a cargo de Xoán Carlos Domínguez Albarte. Trátase dunha edición non venal editada polo patrocinio das Edicións Fluviais de Lisboa e a Librería Couceiro de Santiago.

CARLOTA E A GAIVOTA PATIAMARELA é outra incursión do poeta **Miro Villar** na literatura infantil. A historia, contada en verso, trae lembranzas da marea negra. As fermosas ilustracións son de Enjamio. O libro está editado por Xerais dentro da súa colección "merliño".

O POXIGO, Voceiro da Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta, con sede en Betanzos, sacou o nº 9 neste pasado verán. Dá noticia das actividades sociais, conta coa colaboración de nenos, páxinas especiais dedicadas á Feira Medieval e a Manuel Lugo Freire, reproducindo o seu célebre discurso en Betanzos. Tamén a poesía e a narrativa están presentes. Ten edición dixital (www.lardeunta.org)

QUE QUEDE QUEN O CONTE, subtítulo "Panfleto de testemuña e defensa do mundo rural galego", publicou no pasado xuño o número 3, monográfico sobre a memoria histórica. Conta con colaboracións de Lourenzo Díaz García, Manolo Pazos, Mero Iglesias, Xosé Luis Rivas "Mini", David Otero, Sabela Díaz Regueiro, Santiago Macías, Esperanza Rabuñal e Günter Shwaiger.






Dúas das entidades culturais de base que están a traballar moito e ben a prol da lingua e da cultura galega son a Fundación Manuel María da Terra Cha, que coordina Alfonso Blanco Torrado, e o Instituto de Estudios Chairegos (IESCHA), con sede en Vilalba. Ambas enviáronnos varias publicacións das que reseñamos algunhas coa brevidade obrigada. Da primeira entidade son:

DATANDO LEMBRANZAS (A "tempo" de soneto, entre nostalxias) recolle poemas da vilalbesa **María Xosé Lamas**, que os adica a Manuel María e Saleta. Conta con ilustración de Paulo Naseiro e un prólogo de Marica Campo, quen se refire á vocación comunicadora da autora.

RECENDOS DE LUZ E SOMBRA, da autoría de **Baldomero Iglesias "Mero"**, máis coñecido pola súa faceta musical, recolle como dí o subtítulo "Seis dúcias de poemas (máis un)" agrupados en cinco apartados: Eu, Nós, Sentimento, razón da miña vida, Terra e Patria. Poesía das raíces, que vai do persoal ao colectivo. Fai o nº 3 da colección "As Foulas do Rañego".



Do Instituto de Estudios Chairegos son:

OS ESPAZOS DA MEMORIA de **Sabela Figueira Tenreiro**, leva o longo subtítulo "Patrimonio, simbolismo e identidade nas parroquias de Lanzós", que aclara en parte o contido do libro. Traballo antropolóxico realizado sobre o terreo, que a autora coñece ben, escollendo cinco espazos concretos destas dúas parroquias vilalbesas que comparten topónimo. De doada lectura, faise ameno aínda para os profanos nestes temas. As fotografías son de Antón Figueira e é mágoa que se reproduzan nun tamaño tan minúsculo.


RETRINCOS DE VILALBA E DOS VILALBESES saíu no nadal do 2005 recollendo un ramillete de colaboracións de diversos autores vilalbeses ou vencellados a Vilalba: José-Luis Novo Cazón, Manuel Fraga, Uxío García Amor, Baldomero Iglesias, Angel Felpeto, Ramón Chao, Xulio Xiz, Manuel Roca, Alfonso Blanco, Helena Villar, Xesús Rábade, Xosé Miguel Barrera e Bernardo García.



Do Portugal irmán recibimos:

TRANSPARÊNCIAS, novo poemario de **Fernando Botto Semedo**, colaborador de A Xanela, veu a luz en Lisboa na primavera deste ano. Poeta da sinxeleza, da luz e do silencio, da brancura e da pureza, as Transparências son poemas breves (adicados aos pais do poeta nos seus oitenta anos) nos que se percibe unha fonda cosmicidade panteísta e de ansia de infinito.

POEMAS IMPERFEITOS, é o novo poemario de **Maria Virgínia Monteiro**, autora madura que xa ten colaborado na Xanela. Retoma a poeta de Gaia trinta e dous poemas vestidos das "amadas formas de soneto", tan repudiadas por algúns, dun dilatado período de máis de trinta anos, algúns mesmo "disfrazados" en formas que tentan disimular o soneto, e outros recollidos doutras obras "libertando assim todos os irmãos da mesma raça". Edita a Unicepe de Porto.



GUERRA JUNQUEIRO. PERCURSOS E AFINIDADES é unha colectánea de estudos sobre o grande poeta portugués Abilio Manuel Guerra Junqueiro (1850-1923), a quen traducira ao español o noso Curros, da autoría de **Henrique Manuel S. Pereira**, quen tenta aclarar diversos aspectos sobre a vida e a obra do célebre autor de A velhice do Padre Eterno. A obra conta cun prefácio de Pinharanda Gomes e está editada pola lisboeta Roma Editora co patrocinio da Câmara Municipal de Freixo de Espada à Cinta, vila natal do poeta.

	<p>Cervecería Estrella Galicia Café Versailles</p>	<p>DISCO-BAR TROUVA</p>
--	-------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------



MUSEO DAS MARIÑAS
-Excmo. Concello de Betanzos-

Aberto tódolos días
de 10 a 13 e de 16 a 20 h.

XERAIS NARRATIVA



Manuel Rivas *Os libros arden mal*

Unha novela con estrutura de esfera armilar, composta por moi diferentes órbitas nas que os astros, ademais das vidas humanas, son os libros, e as palabras, elas mesmas a moverse como seres vivos. Unha esfera armilar tamén no entrelazar de xéneros, cunha órbita maior, a ficción narrativa a xeito de thriller, no que o caso central é a historia dramática da cultura, que contén en círculos concéntricos a poesía, o ensaio histórico, a crónica xornalística, formas de literatura popular como as novelas do oeste. Unha esfera tamén que entrelaza multitude de voces, nunha escrita encarnizada, sempre en vilo, que vai e vén entre os territorios da dor e o gozo erótico.

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

PAPELERÍA LIBRERÍA REGALOS IMPORTACIÓN **ESTANCO**

Valdoncel, 91
(Ponte Nova)
Tel. 981 770201
BETANZOS



Plaza Alfonso IX, 10
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

FERRETERÍA **José Luis** BUTANO

Na mesma Porta da Vila
Plateiros, 1 · BETANZOS
Tels. 981 770410 - 981 772661



Lanzós
BAR · CAFÉ
Betanzos



O PICH O CAROLO
ADEGA
SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10
B E T A N Z O S



SACO
BETANZOS



ártabros
Enseñanza Técnica Superior
Rúa da Pescadería, 2
Tel. 981 77 26 72 · Fax 981 77 47 34
15300 BETANZOS (A Coruña)



Centro do pé
Podóloga
Avda. de Castilla, 51-53 · Entresuelo A · 15300 Betanzos
Teléfono 981 773 279



DONÍN
LIBRERÍA PAPELERÍA
Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)
Tel. 981 772649 · E-mail: libreriadonin@telefonica.net


FERRETERÍA
ROQUE
MENAXE
MATERIAL ELÉCTRICO
Distribuidor: CAMPING-GAS
COPIA DE CHAVES
CERRALLERÍA · FERRAXES
Avda. Xesús García Naveira, 36
Tel. 981 773253 · BETANZOS



Carta de Café
Doces caseiros
Café Plaza
Venta de billetes do
Grupo Alsa Enatcar
Avda. de Castela, 2 · BETANZOS
Teléfono 981 77 27 45

R/ Valdancel, 16
15300 BETANZOS
Teléfono 981 774798
MARÍA LÓPEZ JUNQUERA
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ
clínica veterinaria
valdancel



EIRA VELLA

Asociación Cultural
BETANZOS

*Recuperando
a memoria*

*Por unha
cultura viva*



Fincas
DoCastro
Se merca ou vende. Consúltenos!
 **981 773636** Rúa do Castro, 17-1º